



Concello de A Cañiza

C.I.F.: P - 3600900 - I

Rúa Oriente, II · 36880 A CAÑIZA (Pontevedra) · Tfños.: 986 651 000 · 986 651 001 · Fax: 986 651 190
Web: www.caniza.org · E-mail: info@caniza.org

-PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA LICITACIÓN POR PROCEDEMENTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (POXA) DA PARCELA Nº 11-1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA CAÑIZA, ZONA SUR-

Artigo 1.- OBXECTO.

1. O Presente Prego, que se configura como a auténtica lei do contrato, ten por obxecto establecer as cláusulas económicas e administrativas que rexerán na licitación mediante poxa e por procedemento aberto da Parcela que se detalla:

- Situación: Polígono Industrial da Cañiza, Zona Sur, Parcela Núm. 11-1.
- Superficie: 1.952,00 m².
- Lindeiros: Norte, vial do Polígono; Sur, Hormigones Deva; Este: Parcela resto matriz P-11-2 e Oeste: Jamones Paradanta.
- Uso: Industrial.
- Inscrita no Inventario de Bens e no Rexistro de Propiedade a nome do concello a parcela de orixe con anterioridade á concentración parcelaria, Finca nº 64 do Polígono nº 1.
- Previa ou simultaneamente á compevenda efectuarase a segregación formal e expresa da parcela Nº 11-1 da súa parcela matriz de orixe.

2. O Réxime xurídico do contrato rexerá, ademais de por este Prego, pola seguinte normativa: *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público (LCSP), RD 817/2009, de 8 de mayo, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA).*

Artigo 2.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE ESTA CONTRATACIÓN.

1. Desenvolvemento da actividade industrial do Concello da Cañiza, o que redunda no beneficio de todos os veciños e de todo o concello.

2. Neste sentido establécese como condición resolutoria do contrato a non adicación da parcela a un uso industrial, o cal deberá manterse alomenos durante quince anos desde a súa posta en funcionamento, a cal deberá a súa vez producirse no prazo de dous anos desde a formalización do contrato de compravenda. En ambos supostos esíxese previa audiencia ao contratista.





Artigo 3.- TIPO DE LICITACIÓN.

1. De conformidade co previsto no artigo 80 do Texto Refundido de Réxime Local (TRRL), xustifícase como forma de adxudicación do presente contrato a **poxa** por procedemento aberto e polo trámite de urxencia.
2. Sinálase como tipo de licitación ao alza o de cincuenta e un mil setecentos vinte e oito euros (51.728,00 €), IVE excluído e que deberá figurar en concepto aparte.
3. No prezo ofertado entenderanse incluídos os gastos xerais, o beneficio industrial, e todo xénero de gastos e cantos tributos graven a actividade da empresa licitadora.

Artigo 4.- PAGAMENTO.

1. O prezo total do importe de adxudicación deberá ingresarse na Tesourería municipal no prazo dun mes a contar desde a notificación da adxudicación, e, en todo caso, previo ou simultáneo ao outorgamento da correspondente escritura de compravenda.



Artigo 5.- CAPACIDADE PARA PARTICIPAR NA CONTRATACIÓN.

1. Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, por sí ou por medio de representantes, que posean as condicións de aptitude previstas no artigo 43 da L.C.S.P., ou nos artigos 44 e 47, segundo a súa nacionalidade. Respecto ás persoas xurídicas deberá de considerarse o sinalado no artigo 46.1 da L.C.S.P., en canto á vinculación do seu obxecto social coa prestación obxecto do contrato. Asimesmo, deberán de terse en conta as condicións especiais de compatibilidade do artigo 45 da L.C.S.P.
2. A Administración poderá contratar con unións temporais de empresas (UTE) que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación provisional do contrato ao seu favor, caso no que disporán de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación de tal adxudicación. Deberá de considerarse o sinalado polos artigos 48 da L.C.S.P. e 24 do R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
3. As empresas ou empresarios non deberán atoparse incursos en ningunha das prohibicións que se enumeran no artigo 49 da L.C.S.P. Expresamente lémbrese a obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas sociais e tributarias, incluídas as propias do Concello da Cañiza.



Concello de A Cañiza

C.I.F.: P - 3600900 - I

Rúa Oriente, II · 36880 A CAÑIZA (Pontevedra) · Tfños.: 986 651 000 · 986 651 001 · Fax: 986 651 190

Web: www.caniza.org · E-mail: info@caniza.org

Artigo 6.- GARANTÍAS ESIXIBLES.

1. Provisional: Consonte ao artigo 91 da L.C.S.P. e considerando as circunstancias concorrentes, os licitadores deberán presentar unha garantía provisional por importe do 3 por 100 do orzamento de licitación, excluído o I.V.E.
2. Dada a natureza do contrato, non se esixirá garantía definitiva.
3. As anteriores garantías poderán prestarse nalgunha das formas especificadas no artigo 84 da L.C.S.P.

Artigo 7.- ANUNCIO E PERFIL DO CONTRATANTE.

1. Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen perxuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso a través da páxina web municipal www.caniza.org.
2. De acordo co estipulado no artigo 126 da L.C.S.P. e no artigo 326 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, publicarase o anuncio da licitación do B.O.P., no D.O.G. e no perfil do contratante.



Artigo 8.- GASTOS DE PUBLICIDADE.

1. Serán por conta do adxudicatario os gastos de publicidade derivados do expediente de contratación, ata un importe máximo de mil euros (1.000,00 €).
2. No caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que teñan incorrido. Non obstante, esta indemnización non superará en ningún caso o límite de mil euros (1.000,00 €).

Artigo 9.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. LUGAR, PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

A presentación de proposicións e documentación axustarase ás seguintes regras:

1. Lugar e prazo: as ofertas para concorrer á contratación que regula este prego presetaranse no Rexistro Xeral do Concello da Cañiza -Rúa Oriente, 11, 36880, A Cañiza (Pontevedra)- entre as 9:00 e as 14:00 horas, en días hábiles (sábados en horario de 10:00 a 13:00 horas) no prazo de OITO DÍAS NATURAIS, contándose a partir do primeiro día seguinte ao da publicación do derradeiro anuncio de licitación (B.O.P., D.O.G. ou perfil do contratante). As ofertas poderán tamén presentarse por correo en idéntico prazo e condicións. Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a



Concello de A Cañiza

C.I.F.: P - 3600900 - I

Rúa Oriente, II · 36880 A CAÑIZA (Pontevedra) · Tfños.: 986 651 000 · 986 651 001 · Fax: 986 651 190
Web: www.caniza.org · E-mail: info@caniza.org

remisión da oferta mediante telegrama ou telefax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo de presentación de ofertas. Transcorridos, emporiso, dez días naturais seguintes á indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso. Se o último día do prazo que se establece coincide con domingo ou festivo, automaticamente entenderase que o último día do prazo cumprírase ao inmediato día hábil posterior.

2. Formalidades: As proposicións para a licitación presentaranse en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorran e asinados polo licitador ou a persona que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numéricamente.

As proposicións por medio das que se concorran á contratación convocada presentaranse en dous sobres (A e B), figurando na parte exterior de ambos en caracteres lexibles o nome ou razón social do licitador, dirección postal, número de teléfono, fax e dirección de correo electrónico -todo elo aos efectos de notificacións- e a expresión **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO ALLEAMENTO DA PARCELA NÚMERO 11-1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA CAÑIZA.**

SOBRE A) Subtitulado "documentación xeral", que deberá axustarse ao sinalado no artigo 130 da L.C.S.P., e no que se introducirán os seguintes documentos:

Índice de documentos.

- Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI; os empresarios que sexan persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se regule, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españoles que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado donde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezcan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes suscriban a proposición, xunto cunha copia auténtica do D.N.I. do/s apoderado/s.

- Documento de compromiso de constituir una Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal aportarán ademais un





Concello de A Cañiza

C.I.F.: P - 3600900 - I

Rúa Oriente, II · 36880 A CAÑIZA (Pontevedra) · Tfños.: 986 651 000 · 986 651 001 · Fax: 986 651 190

Web: www.caniza.org · E-mail: info@caniza.org

documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituírla. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarase a persoa a quen designan representante da U.T.E. diante da Administración para todos os efectos relativos ao contrato, así como a participación que a cada un deles lle corresponda na UTE.

- Documento constitutivo da garantía provisional ou resgardo acreditativo da súa constitución.

- Documento acreditativo, mediante declaración responsable, de non estar incurso en prohibición de contratar que incluíra a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario que resulte adxudicatario.

- Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras: As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que poidese corresponder ao licitador.

- Empresas que teñan na súa plantilla persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretenda contar para a adxudicación coa preferencia regulada na Disposición Adicional 6ª da L.C.S.P., deberán achegar os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, teñen na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por 100, ou que a empresa licitadora está adicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación ao que se refire a Disposición Adicional 6ª referida.

SOBRE B) Subtitulado "**proposición**", que conterá os seguintes documentos:

Oferta económica, no modelo seguinte:

MODELO DE PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN MEDIANTE
PROCEDIMENTO ABERTO DO ALLEAMENTO DA PARCELA NÚMERO 11-1 DO
POLÍGONO INDUSTRIAL DA CAÑIZA.

D./ Dª _____, con DNI número _____, do que achego fotocopia, con
domicilio en _____, na rúa _____ (en nome propio ou en representación de
...), segundo acredito con copia de poder ao meu favor outorgado, que acompañoo
suficientemente bastantado; enterado da convocatoria para o alleamento da Parcela Nº
11-1 do Polígono Industrial da Cañiza, comprométome a súa compra, con estricte suxección



Concello de A Cañiza

C.I.F.: P - 3600900 - I

Rúa Oriente, II · 36880 A CAÑIZA (Pontevedra) · Tfños.: 986 651 000 · 986 651 001 · Fax: 986 651 190
Web: www.caniza.org · E-mail: info@caniza.org

ao prego de cláusulas que rexe a contratación que declaro coñecer e aceptar na súa integridade, nos seguintes termos:

PREZO:

- A. Prezo sen IVE..... euros.
- B. Imposto sobre o valor engadido (IVE)..... euros.
- C. Total (A+B)..... euros.

(Lugar, data e sinatura, e no seu caso, selo).

Artigo 10.- CRITERIOS PARA TER EN CONTA NA LICITACIÓN E A SÚA VALORACIÓN.

De acordo coas previsións da *Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público*, de empregarse un único criterio éste deberá ser exclusivamente o **prezo**. Neste caso resultará adxudicatario o empresario individual ou xurídico que oferte o maior prezo. No caso de empate pedirase unha memoria de implantación co número de postos de traballo a crear.

Artigo 11.- REQUISITOS DAS OFERTAS.

As proposicións presentaranse dentro do prazo fixado neste Prego e no anuncio de licitación.

As proposicións deberán axustarse ao previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas e condicións, así como do proxecto e do prego de prescricións técnicas, sin salvedade ou reserva ningunha.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garanticen tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

Cada licitador no poderá presentar máis dunha proposición. Tampoco poderá suscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fan individualmente nin figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á inadmisión de todas as propostas por él suscritas.

Artigo 12.- APERTURA DE SOBRES E MESA DE CONTRATACIÓN.

1. A apertura dos sobres terá lugar dentro dos dez (10) días hábiles seguintes ao remate do prazo de presentación de proposicións. Esta apertura notificarase cunha antelación mínima de 48 horas aos licitadores, exclusivamente por fax e correo-electrónico aos efectos de axilizar a licitación, ás direccións que eles sinalen segundo o disposto no artigo 9.2 deste Prego.



Concello de A Cañiza

C.I.F.: P - 3600900 - I

Rúa Oriente, II · 36880 A CAÑIZA (Pontevedra) · Tfños.: 986 651 000 · 986 651 001 · Fax: 986 651 190
Web: www.caniza.org · E-mail: info@caniza.org

2. De conformidade co disposto no R.D. 817/2009 polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, a constitución da Mesa será competencia do órgano de contratación e axustará a súa composición, funcionamento e publicidade aos termos establecidos no antedito Real Decreto, artigos 21 e seguintes.

3. Composición:

- Presidente (1): O Alcalde da Corporación..
- Vocais (4): Os empregados públicos que ocupen os postos da Secretaría Xeral, Intervención Municipal e Técnico Municipal. Tamén será vocal a 1ª Tenente de Alcalde.
- Secretario (1): A funcionaria do Concello D^a. M^a. Ángeles Rodríguez Varela.
- Suplentes: Dos cargos electos calquera outro concelleiro designado pola alcaldía. Dos empregados públicos os funcionarios D. Santiago Regueiro Souto e D. David López Vázquez.

4. A Mesa procederá a efectuar a elevar ao órgano de contratación a proposta de clasificación das ofertas.

Artigo 13.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS.

1. O órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non teñan sido declaradas desproporcionadas ou anormais. Para a clasificación, atenderase aos criterios de adxudicación sinalados no artigo 10 deste PCAP podéndose solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes. Entenderase que a oferta economicamente máis ventaxosa é a que incorpora o prezo máis alto.

2. O órgano de contratación requerirá ao licitador que teña presentado a oferta economicamente máis ventaxosa para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquél en que recibise o requerimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. De non cumprimentarse axeitadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que teñan quedado clasificadas as ofertas. Todo elo sen prexuízo do que proceda frespecto á incautación da garantía provisional.

Artigo 14.- ADXUDICACIÓN.

1. A adxudicación acordarase polo órgano de Contratación dentro do prazo de cinco (5) días hábiles desde a presentación polo licitador da documentación establecida no apartado 2 do artigo 13 deste PCAP. Farese en resolución motivada que se notificará aos licitadores e publicarase no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil de contratante do órgano de Contratación, e se os interesados o solicitan facilitaráselles información, nun prazo de cinco



días hábiles, dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

2. O órgano de contratación adxudicará o contrato no prazo máximo de quince días, a contar desde a apertura das proposicións. De non dictarse a adxudicación en dito prazo o empresario ten dereito a retirar súa proposición e a que se lle devolva a garantía depositada, de ser o caso.

3. Notificarase e publicárase nos termos sinalados no artigo 135.4 da LCSP.

Artigo 15.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1. O contrato poderá formalizarse en documento administrativo nos termos indicados no artigo 140 da LCSP e en todo respectando os prazos alí establecidos.

2. En todo caso se elevará o contrato a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Artigo 16.- CONFIDENCIALIDADE.

Sen prexuízo das disposicións da L.C.S.P., relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, éstos poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos secretos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

2. De igual xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle tivese dado o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desta información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

Artigo 17. NATUREZA DO CONTRATO, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. Respecto á natureza xurídica do contrato sinalar que nos atopamos diante dun contrato de natureza patrimonial celebrado por unha Administración Pública.

2. O réxime xurídico do contrato será o regulado polas súas normas especiais -lexislación patrimonial aplicable ás EELL- aplicándose os principios da Lei de Contratos do Sector Público para resolver as dúbidas e lagoas que poidesen plantexarse.





Concello de A Cañiza

C.I.F.: P - 3600900 - I

Rúa Oriente, II · 36880 A CAÑIZA (Pontevedra) · Tfnos.: 986 651 000 · 986 651 001 · Fax: 986 651 190

Web: www.caniza.org · E-mail: info@caniza.org

3. O contrato rexeráse en canto á súa preparación e adxudicación, pola normativa patrimonial aplicable ás EELL e pola L.C.S.P. nos termos indicados no apartado anterior, e en canto aos seus efectos e extinción polas normas de dereito privado. Por tratarse dunha compraventa, aplicaráselle en primeiro lugar, en canto a súa preparación e adxudicación, as normas de dereito patrimonial da Administración Local.

4. Será o orde xurisdiccional civil a competente para resolver as controversias que poidesen xurdir, aínda que se considerarán actos xurídicos separables os que se dicten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e polo tanto poderán ser impugnados diante do orde xurisdiccional contencioso - administrativo. Respecto dos efectos e extinción que se deriven deste contrato a normativa a aplicar será a contida no dereito privado, tamén será a xurisdicción civil a competente para dilucidar calquera asunto ou controversia que poida depararse en canto aos efectos e extinción deste contrato.

5. O órgano de contratación, que actúa en nome do Concello da Cañiza, é a 1ª. Tte. de Alcalde en virtude da distribución de competencias dos artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, D.A. 2ª da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e a resolución da alcaldía de delegación de competencias de data 25.06.2007 de delegación de competencias.






ANEXO - CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Nº	CONCEPTO	DENOMINACIÓN
1	CLASIFICACIÓN DO CONTRATO	PATRIMONIAL
2	DENOMINACIÓN	ALLEAMENTO DA PARCELA Nº 11-1 DO POLIGONO INDUSTRIAL DA CAÑIZA
3	ORZAMENTO CONTRATO	51.728,00 €
4	ORZAMENTO LICITACIÓN	51.728,00 €
5	PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN	ABERTO CUN UNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (POXA).
6	LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	REXISTRO XERAL DO CONCELLO DA CAÑIZA(PONTEVEDRA) - RÚA ORIENTE, Nº 11
7	PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	OITO (8) DÍAS HÁBILES DESDE A DERRADEIRA PUBLICACIÓN
8	GARANTÍA PROVISIONAL	3% DO ORZAMENTO DA LICITACIÓN, IVE EXCLUIDO
9	GARANTÍA DEFINITIVA	NON SE ESIXE.
10	GASTOS DE PUBLICIDADE	POR CONTA DO ADXUDICATARIO, ATA UN MÁXIMO DE 1.000,00 €
11	REVISIÓN DE PREZOS	NON PROCEDE
12	OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN	TLF: 986 65 10 00-1 FAX: 986 65 11 90 PERFIL DO CONTRATANTE: www.caniza.org E-MAIL: secretaria@caniza.org

A Tenente Alcalde

Asdo.: M^{ra}. Helena Fernández González